

CAMPIONATO PROVINCIAL ESCOLAR DE ORIENTACIÓN A PE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE ACEA DA MA CULLEREDO-A CORUÑA, MÉRCORES 15 MARZO 2017

1. PARTICIPANTES

Poderán participar todos os rapaces en idade escolar, nas categorías Infantil e Cadete (masculinas e femininas), inscritos previamente no programa Xogade (www.deporteescolargalego.com). A organización, á vista das inscricións presentadas, poderá limitar a participación de cada centro escolar e clube, para garantir o uso do sistema de cronometraxe SportIdent. Neste caso, a organización avisará ós centros escolares e clubes coa máxima antelación posible.

2. INSCRICIÓNS

Ata as 14:00 horas do xoves 9 de marzo, a través do programa Xogade, confirmando a súa participación no Servizo Provincial de Deportes de A Coruña (deportes.coruna@xunta.gal), e comunicando a mesma ó clube APA Liceo La Paz (oriliceo@gmail.com).

3. ACREDITACIÓN

Realizarase na zona de concentración, dentro das instalacións deportivas de Ace da Ma (Culleredo-A Coruña), a partir das 9:30 horas do propio día 15 de marzo, presentando a ficha Xogade, DNI ou pasaporte.

4. CATEGORÍAS

INFANTIL (masculina e feminina), para os nados nos anos 2003 e 2004; e CADETE (masculina e feminina), para os nados nos anos 2001 e 2002.

5. SISTEMA DE COMPETICIÓN

Carreira de orientación a pe, individual, diurna e lineal (con visita obligatoria dos controis na orde indicada), gañando o orientador que invirta menos tempo en rematar o percorrido correctamente. O percorrido INFANTIL terá unha distancia entre 1 e 1,5 kms., correspondendo ó percorrido CADETE unha distancia entre 1,5 e 2 kms. Utilizarase o sistema de cronometraxe SportIdent, asignando a organización gratuitamente unha pinza electrónica a cada orientador.

6. CLASIFICACIÓNS

Establecerase unha clasificación individual para cada categoría (masculina e feminina). Establecerase tamén unha clasificación por centros escolares e clubes, no seu caso, conformándose esta última con cadansúas doce mellores puntuacións (tres infantís masculinas, tres infantís femininas, tres cadetes masculinas e tres cadetes femininas). A tal efecto, en cada categoría (masculina e feminina) se asignará 1 punto ó primeiro, 2 puntos ó

segundo, 3 puntos ó terceiro, e así sucesivamente, gañando o centro escolar ou club que acade o menor número de puntos.

7. PREMIOS

Entregaranse medallas os tres primeiros de cada categoría (masculina e feminina), así como distinción (ou trofeo) os tres primeiros centros escolares ou clubes, no seu caso.

8. MAPA

Elaborado por Javier Arufe Varela e Natalia Pedre Fernández, revisado en marzo de 2017 por Iván Mera García, e rexistrado na Federación Española de Orientación con núm. C-280. Utilízase en escala 1:4.000, con equidistancia de 2 m. entre as curvas de nivel. Os trazados discurren por zonas en xeral despexadas, con presenza de zonas boscosas limpas, con escaso desnivel, ampla visibilidade e fácil penetrabilidade en xeral.

9. NORMAS TÉCNICAS MÁIS IMPORTANTES

- Percorridos deseñados por Iván Mera García.
- O mapa entregarase na saída, sendo responsabilidade de cada orientador comprobar que corresponde á súa categoría.
- A hora de saída asignada manterase en principio, aínda que o orientador a tome con retraso.
- Fíxase un tempo máximo dunha hora para todos os percorridos. Transcurrido ese tempo, o orientador quedará descalificado, debendo regresar inmediata e directamente á meta.
- O percorrido será realizado obrigatoriamente na orde indicada.
- Está prohibido o uso de zapatillas con cravos.
- Todo orientador que abandone a proba deberá dirixirse inmediata e directamente á meta.
- Poderán ser descalificados os orientadores que cometan irregularidades na proba.
- Está prohibida a asistencia entre orientadores, agás en caso de accidente, sendo aquí obligatoria.
- Os orientadores deben realizar a proba en silencio.

10. NORMAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS E SEGURIDADE

- Os orientadores participan na proba baixo a súa responsabilidade, asumindo os riscos inherentes as carreiras de orientación a pe.
- Lémbrese especialmente que os orientadores deben respetar en todo momento as normas de conducta relativas as carreiras de orientación a pe.
- Efectuada a avaliación dos riscos específicos para esta proba, infórmase especialmente sobre o seguinte: hai unha zona asfaltada pola que circulan vehículos para acceso a piscina e demais instalacións deportivas cubertas, tendo en conta que nas súas marxes están as zonas adicadas a aparcadoiro, nas que debe extremarse a atención (aínda que os percorridos trazados en ningún caso levan ós orientadores a utilizar a devandita zona asfaltada).

11. XUIZ CONTROLADOR

A súa principal misión é a de velar polo cumprimento das regras de xogo, especialmente no que se refire as descalificacións de orientadores. As súas decisións serán inapelables. Será nomeado pola Federación Galega de Orientación.

12. CÓMO CHEGAR

As coordenadas UTM da zona de aparcadoiro son **29T, 550525, 4796075**.

13. PROGRAMA DO DÍA 15 MARZO

- 9:30 > Comezo da acreditación dos orientadores participantes.
- 10:30 > Saída dos primeiros orientadores.
- 12:30 > Entrega de premios.

14. CENTROS DE ASISTENCIA SANITARIA

Os indicados nas especificacións do programa Xogade, debendo seguirse o protocolo establecido nas mesmas especificacións.

Hospital Quirón (Santa Teresa) - Londres, 2 - A Coruña. Teléfono 981219800

Hospital HM Modelo – Virrey Osorio, 30 – A Coruña. Teléfono 981147300

Hospital San Rafael – Las Jubias, 82 – A Coruña. Teléfono 981179000

15. TRANSPORTE

As entidades que veñan de fora da Coruña, e precisen transporte, deberán solicitalo ao Coordinador da súa Zona, indicando nome entidade, concello, lugar e hora de saída, nome delegado e móbil de contacto, e enviar dita solicitude antes das 14.00 horas do xoves 9 de marzo do 2017, unha vez formalizaran a súa inscrición na proba, aos correos que se indican a continuación:

Zona Coruña...: sdbus.co@hotmail.es

Zona Ferrol.....: deporteidadeescolar@hotmail.com

Zona Noia.....: adasrias@gmail.com

Zona Santiago.: paalva53@edu.xunta.es

coordinador: Servizo Deporte 881960767

coordinador.: José Amando (móvil: 660/211.720)

coordinador.: Manolo Fontenlos (móvil: 670/564.597)

coordinador.: Francisco Álvarez (móvil: 689/459.794)

16. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

Os dez primeiros clasificados en cada categoría (masculina e feminina) obterán a súa clasificación para o Campionato Galego Escolar de Orientación a Pe, a celebrarse en A Coruña, o sábado 29 de abril. A inscrición será gratuita para os clasificados. Ademais, a Federación Galega de Orientación abonará os gastos correspondentes a licenza federativa.